

Unidade 09. Un anuncio de radio

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Separa a raíz e as desinencias das seguintes formas verbais.

estudou: acenderei:

sobreviviu:..... sinalaba:

2. Escribe as formas verbais que se che piden.

- Unha forma verbal en 3.^a persoa do singular.
- Unha forma verbal en 1.^a persoa do plural.
- Unha forma verbal en 2.^a persoa do plural.
- Unha forma en 1.^a persoa do singular.
- Unha forma verbal en 3.^a persoa do plural.

3. Completa o cadro con formas verbais.

	Pasado	Presente	Futuro
Estudar			
Comer			
Vivir			
Ser			
Andar			
Seguir			

4. Di en que modo están as seguintes formas verbais.

recolle:..... gañedes:.....

fai: vaia:

teña: tocase:

chegaron:

pensades:

vide:

gusta:

Unidade 09. Un anuncio de radio

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Completa con **por que**, **porque** ou **porqué**.

- Nunca souben o do seu enfado
- Eu pregúntome sae o sol todos os días.
- Non cheguei a tempo perdín o tren das sete.
- A directora explicou o do ascenso de Xan.
- espertaches tan cedo hoxe?

2.- Rodea a opción correcta.

- Non puiden chegar antes (por que/porque) se me estragou o coche.
- Escoitas o neno, (por que/porque) estará tan calado?
- Inviteino a comer (porque/porqué) estaba só.
- (Por que/porque) suspenderon a viaxe?
- O teu (porqué/porque) paréceme bastante razoable.

3.- Completa con **senón** ou **se non**.

- Non estou triste canso.

- che gusta esa camisa, pois non a poñas.
- Eu non quero ir ao centro comercial ao cine.
- Pídelle o libro a Marco e, o ten, pregúntalle a Xián.
- podes vir, avisa ao teu pai.

4.- Escribe o ditado.

Unidade 09. Un anuncio de radio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

LITERATURA

1.- Le o seguinte texto.

Hoxe o seu pai volvía cedo. Lucas quedou ollando para el. O señor E. sorriu ao velo. Sentado coas pernas dobradas, Lucas apoiou a cabeza nos xeonllos. Da rúa chegou de súpeto a freada dun automóbil. Lucas aguantou a respiración, pero non moveu a cabeza cara á fiestra. Uns segundos despois o silencio volveu enchelo todo.—É o que teñen as guerras... — moumeou o pai—. O primeiro que remata é a tranquilidade.

Lucas lembrou entón cando empezara a guerra para el. Empezara unha tarde de domingo varios anos atrás. Paseaban polas rúas cruzando canais e vendo escaparates.

Aínda que chovera, o sol asomaba timidamente naquela tarde de primavera serodia, e moitas familias ruaban coma eles. Pronto chegaría o verán e aquelas escapadas á praia que tanto lle gustaban, ou irían á casa da avoa. Os meses prometían diversión. A vida enteira prometía diversión. O verán prometía.

E de socato, aquel rumor xordo. Ao principio foi só un rumor. Como o eco distante dunha voz. Logo foi subindo e fíxose cada vez máis forte: un ruído rítmico e grave.

As persoas miraron unhas para outras(...).

—Rematará algún día? — preguntou Lucas.

—Si. Chegan novas de cambios. E nese instante a conversa quedou suspendida no aire, cando a señora E. entrou pola porta. A nai de Lucas deixou a bolsa de pano azul riba da mesa da cociña e volveu xunto deles coas mans por detrás. Axeonllouse fronte aos seus dous homes e mirounos toda seria.

Eles olláronse sorprendidos e agardaron algún tipo de sorpresa. A face da súa nai mudou de expresión.

—Alguén quere... —comezou a dicir. Logo ollou para os lados como quen vai facer algo malo— ...chocolate? E sacou de detrás unha libra envolta nun papel marrón. Os dous abriron a boca. Había tanto tempo que non probaban o chocolate que Lucas tivo que remexer na súa memoria para lembralo(...).

Lucas tomou nota para repetilo a próxima vez que comese chocolate. E durante aqueles minutos foi absolutamente feliz.

Xavier Estévez

A rapaza na fiestra

Tambre. (Adaptación)



2. Contesta.

- Quen é o protagonista da historia?

.....

- Que acontecemento ten lugar?

.....

- Que parte do relato é o nó?

.....